

## INSTRUCCIÓN 1/21, DA XERENCIA DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE, SOBRE O SEGUNDO PROCESO DE VACINACIÓN COVID-19 DE PERSOAL EN CENTROS SANITARIOS DE GALICIA

Sobre a base do Plan de vacinación da Dirección Xeral de Saúde Pública, dará comezo a vacinación COVID 19 de persoal do Grupo 2, persoal de institucións sanitarias de primeira liña de atención a pacientes COVID e/ou inmunodeprimidos e persoal exposto a riscos biolóxicos por procedementos xeradores de aerosois segundo criterios do Plan específico de prevención de riscos laborais do persoal do Servizo Galego de Saúde.

A vacinación, como a realizada na primeira fase en residencias sociosanitarias, realizarase de conformidade coa Estratexia de vacinación trala súa aprobación no seo do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde.

As áreas sanitarias organizarán o persoal a vacinar de acordo con estas instrucións, e para iso disporán da información necesaria.

Con base nas facultades atribuídas no artigo 5 do Decreto 137/2019, do 10 de outubro, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde, e no artigo 5.2 do Decreto 134/2019, do 10 de outubro, polo que se regulan as áreas sanitarias e os distritos sanitarios, e coa finalidade de planificar e determinar os recursos humanos necesarios, e de establecer criterios comúns de actuación nesta materia dítanse as seguintes

### INSTRUCCIÓNS

#### **Primeira. *Obxecto e ámbito***

As presentes instrucións teñen por obxecto planificar e determinar os criterios necesarios para dar comezo á vacinación COVID 19 no persoal de primeira liña



COVID en centros sanitarios de Galicia e establecer criterios comúns de actuación nesta materia.

## **Segunda: Normas xerais**

As xerencias de cada área organizarán e planificarán a vacinación do persoal do Grupo 2 de vacinación de acordo cos seguintes criterios :

### 1. Persoal Grupo 2 obxecto de vacinación:

De acordo co Plan de Vacinación será vacunado o persoal do Grupo 2 de vacinación. Se considera a este persoal sanitario e non sanitario, como de primeira liña polo maior risco de exposición á COVID 19 por levar a cabo actividades de atención directa a pacientes con COVID 19 (contacto estreito e maior tempo de exposición) así como por ter maior probabilidade de contacto cunha persoa con infección por SARS – CoV- 2.

- Todo o persoal que traballa con pacientes COVID: persoal sanitario e non sanitario: Plantas de Hospitalización COVID, UCI/REA, Urgencias adultos e pediátricas, Emerxencias 061, Atención Primaria (centros de saúde e PAC), Covid-Auto, unidades móbiles con atención directa/extraccións PCR a domicilio.
- Persoal con risco por exposición a aerosois ou ben por especial vulnerabilidade dos pacientes: Oncoloxía, Hematoloxía, Dixestivo, ORL, Nefroloxía, HADO, Cirurxía Maxilofacial e persoal sanitario de Medicina Preventiva e da UPRL.
- Persoal de Microbioloxía por manipulación de mostras que potencialmente poden contar virus viables.

### 2.- Planificación do persoal encargado da vacinación.

a) Designaranse equipos específicos de enfermería para a administración da vacina COVID 19 nos seguintes ámbitos:



- 14 Hospitais: a vacinación será competencia do persoal propio de enfermería tanto de medicina preventiva como de saúde laboral en colaboración cos equipos específicos de enfermería da primeira fase de vacinación.
- Atención primaria: A vacinación será realizada polos equipos de enfermería específicos da primeira fase segundo planificación de cada área. Os puntos de vacinación serán tantos como centros haxa nas 7 cidades principais así como as cabeceiras dos Servizos de Atención Primaria, normalmente coincidentes coas sede de PAC, nas outras localidades.
- Centros sanitarios con pacientes COVID fóra da rede SERGAS: serán citados nos Hospitais para vacinarse.
- Persoal da Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia – 061: serán citados nos hospitais de referencia.

b) A planificación e organización que se realice en cada área para determinar o persoal necesario atenderá basicamente ao número de persoas a vacinar según os criterios anteriores. As axendas de vacinación configuraranse en función das disponibilidades de vacinas. As datas de vacinación serán dende o día 13 de xaneiro ata o día 18 do mesmo mes.

A planificación hospitalaria organizarase de tal forma que cada día se vacina  $\frac{1}{3}$  de cada un dos servizos do grupo 2, iniciándose a vacinación por orde alfabética.

No que respecta a Atención Primaria, planificarase de acordo co seguinte:

- Diferenciense 2 ámbitos:
  - 1.- 7 cidades principais: vacinarase por cada Centro de Saúde de cada unha delas.
  - 2.- Resto de localidades: o punto de vacinación será único no centro cabeceira do Servizo de Atención Primaria desprazándose o persoal dos centros periféricos a este punto.



Nas axendas tomarase como referencia de cálculo 50 ocos de axenda por cada enfermeira/o e quenda.

Para a planificación terase en conta tamén que as persoas a vacinar serán as persoas en activo que efectivamente presten servizos nestas unidades (e que non estean en Incapacidade Temporal) co obxectivo de estar vacinadas na súa totalidade no menor prazo posible.

c) A planificación e organización recollerase por escrito nun plan funcional asinado pola xerencia de cada área sanitaria en aplicación destas instrucións, con información a cada Xunta de Persoal ou Comisión de centro.

### 3.- Outras normas.

- Formación e experiencia: O persoal de vacinación deberá estar previamente formado para a vacinación de COVID 19 mediante a superación dun curso específico organizado pola ACIS. Deberá contar con experiencia previa en vacinación. O persoal específico de vacinación da primeira fase formará ao persoal que se incorpore á vacinación por primeira vez nesta segunda fase.
- Axenda: Aos correspondentes equipos de vacinación facilitaráselle unha axenda de citación previa cos profesionais que teñan manifestado o seu interese en vacinarse, cunha cadencia que evite as aglomeracións, e contemplando pausas de descanso en función do número de citas.

A axenda de cada punto de vacinación debe remitirse por cada área á Dirección Xeral de Saúde Pública con 24 horas de antelación para que organicen as doses a remitir.

Non se vacinará a ningún profesional que non estea no listado de citación do día anterior, xa que as vacinas son nominais.



- Xornada: A xornada laboral poderá distribuírse en quendas, previa planificación no calendario de traballo, tendo en conta que deben aproveitarse ao máximo posible os tempos.
- Puntos de vacinación autorizados: As vacinas distribuiranse nos puntos de vacinación determinados nestas instrucións e baixo a dirección da Dirección Xeral de Saúde Pública.
- O persoal dos equipos de cada punto de vacinación terá un/unha persoa responsable da recepción das vacinas e da súa devolución ao rematar a xornada. Pola Dirección, designarase a esa persoa de referencia coa que se poderá contactar de maneira áxil para resolver as incidencias derivadas da planificación.

### **Terceira. Salas e medios de traballo**

A dirección da área velará para que a vacinación se realice nunha sala específica, que contará con sistemas que garantan a ventilación adecuada (ventilación natural ou mecánica). Así tamén, velarase pola seguridade das vacinas durante o almacenamento en neveira a unha temperatura entre 2 e 8 graos.

Deberase dispoñer de dispensadores con solución hidroalcohólica ao alcance do persoal. Tamén se disporá nesa sala de contedores de residuos, a ser posible con tapa de apertura con pedal.

### **Cuarta. Vacinación**

O persoal será informado da eficacia e seguridade da vacinación segundo se recolle na Folla de consentimento informado que figura no Plan Galego de Vacinación. Debe constar tanto na historia clínica como na laboral do traballador/a (Preven) a aceptación (verbal) como a non autorización (por escrito).

A citación realizarase coas persoas das unidades de primeira liña que non teñan manifestado a súa renuncia. O persoal que renuncie deberá manifestalo por escrito



(Anexo I), sen prexuízo de que caiba en momento posterior a revocación da renuncia.

Antes de entrar na zona de vacinación realizará hixiene de mans.

As persoas a vacinar deberán levar roupa que lle permita descubrir fácilmente a zona de punción. Deberán usar máscara cirúrxica, a cal deberá cubrirlle a boca e o nariz.

O persoal extremará a auto observación de aparición de síntomas respiratorios ou compatibles coa enfermidade COVID. No caso de que unha persoa presente calquera sintomatoloxía (tose, febre, dificultade ao respirar, falta de gusto ou olfacto de xeito repentino, etc.) que puidese estar asociada coa infección por coronavirus, non deberá acudir á súa cita e avisarase ao persoal que administra a vacina para anular a cita reservada. De detectarse no momento da vacinación, seguirase o protocolo de actuación de manexo de casos COVID da área sanitaria.

#### **Quinta. Medidas de protección e EPI**

O/A profesional que administre a vacina usará os seguintes equipos de protección: bata de manga longa (de tecido sen tecer desbotable), máscara cirúrxica e luvas.

O número de equipos subministrados por xornada de traballo será adecuado ao número de citas e xornada.

Santiago de Compostela,  
José Flores Arias  
Xerente do Servizo Galego de Saúde  
(asinado dixitalmente á marxe)

**XERENCIAS DAS ÁREAS SANITARIAS DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE**



## RENUNCIA VOLUNTARIA Á VACINACIÓN COVID-19

En \_\_\_\_\_, o \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 202\_\_ .

D/D<sup>a</sup> \_\_\_\_\_

co DNI \_\_\_\_\_ (categoría profesional ..... ) no (centro/servizo ..... ) na Área Sanitaria de .....

### DECLARO:

Que unha vez informado/a, segundo a normativa e os protocolos sanitarios vixentes, das características e o obxectivo da vacinación COVID-19 en Galicia e dos beneficios e riscos tanto da vacina como da renuncia á súa administración, decido

### NON AUTORIZAR

de maneira voluntaria e baixo a miña exclusiva responsabilidade, a vacinación que se me propón, por tanto renuncio a que a Consellería de Sanidade/Servizo Galego de Saúde me administre a vacina COVID-19.

O motivo da miña renuncia é (marcar X):

|                          |  |
|--------------------------|--|
| <input type="checkbox"/> | Non creo que a vacina funcione para evitar a COVID-19                    |
| <input type="checkbox"/> | Teño medo as reaccións adversas  |
| <input type="checkbox"/> | Desconfío da vacina porque se produciu moi rápido                        |
| <input type="checkbox"/> | A vacina podería producirme a COVID-19                                   |
| <input type="checkbox"/> | Outras persoas desaconselláronme poñela (familia, amigos, coidadores...) |
| <input type="checkbox"/> | Xa pasei a COVID-19  |
| <input type="checkbox"/> | Outros:  |

Co dito fin, asino a presente declaración no lugar e a data arriba indicados

1

**Sinatura:**

\* Informámoslle que os datos relativos a súa vacinación serán incorporados á Historia clínica e posteriormente se traspasarán ao programa cooperativo de Saúde Laboral PREVEN garantizándose a confidencialidade e seguridade no tratamento de datos de acordo coa LOPD.

\*\* Nota: A revocación de esta renuncia deberá se presentada por escrito ante a área correspondente.

1